



Unha outra parte,
de GALICIA a REPÚBLICA DOMINICANA



¿QUENES SOMOS?


A **Fundación Balms para la Infancia** é unha organización non gubernamental para o desenvolvemento, que foi fundada no 2004 e con sede principal en Vigo. Ten como misión “contribuir á protección dos dereitos da infancia, entre eles o dereito a educación”.

Algunhas das **actividades** que realizamos son:

- Proxectos de cooperación ao desenvolvemento na República Democrática do Congo, Colombia, Perú e República Dominicana.
- Actividades de educación ao desenvolvemento e sensibilización en Galicia.



FUNDACIÓN BALMS
PARA LA INFANCIA



©Masaru Yamada



¿QUE QUEREMOS FACER EN GALICIA?

Queremos xerar unha **interconexión entre os centros educativos galegos e os centros dominicanos**. O obxectivo é **achegar as culturas e realidades educativas, favorecer á educación integral, intercultural, inclusiva e de calidade**, tal e como se recolle na Axenda de Desenvolvemento das Nacións Unidas para 2030 “unha educación inclusiva, equitativa e de calidade, que promova oportunidades de aprendizaxe durante toda a vida, para os nenos e nenas, xóvenes e persoas adultas no Barrio Santa Lucía. ”.

Este obxectivo queremos lograr, creando redes educativas interconectadas onde a comunidade educativa galega poida entrar en contacto coa comunidade educativa dominicana. Cremos que unha educación intercultural onde se amplíe unha visión de outras realidades, pode enriquecer o desenvolvemento das persoas, favorecendo o desenvolvemento dos pobos. **Pretendemos achegar as realidades e promover unha visión compartida do mundo no que vivimos, onde o alumnado, profesorado e familias, poidan enriquecerse desta aproximación cultural.**

¿COMO O QUEREMOS FACER?

Queremos traballar o coñecemento intercultural embarcandonos nunha viaxe que non teña en conta as fronteiras do mapa e do tempo, **“Dende o punto de vista do sur, o verán do norte é inverno”**. O obxectivo é compartir as visións de ambas comunidades e que sexan os propios nenos e nenas quen se apropien da súa aprendizaxe.

Definindo unha mesma área temática co profesorado, realizarase un intercambio de percepcións entre o alumnado galego e dominicano, de maneira que se poida favorecer unha reflexión conxunta sobre as diversas realidades e culturas.

Algúns dos temas poderían ser:

- *¿Como consumo en Galicia? ¿E en República Dominicana?*
- *¿Descubrimos América? ¿Descubrironnos?*
- *¿Como é a miña escola en Galicia? ¿Como é a miña escola en República Dominicana?*

- *¿Como é a natureza en Galicia? ¿E en Dominicana? ¿E como a cuidamos?*

- *¿E a miña lingua? ¿Que palabras definen Galicia? ¿E República Dominicana?*

Nun primeiro lugar, xunto co profesorado, definirase un área de interese (Ciencias Sociais, Historia, Lengua...). Despois, coordinaranse as actividades segundo os mecanismos que se definan e a temporización das mesmas en función da programación da aula.

A modo exemplo establécese unha posible secuenciación:

- Día 1: **Laboratorio de gravación de vídeo** en Galicia, sobre o que queremos saber da educación en República Dominicana.

- Día 2: Contestannos con outro vídeo: de República Dominicana a Galicia. Comentamos e debatimos.

Tódalas actividades pódense acompañar de **talleres, conta contos tradicionais, cancións**, etc.

¿QUE FACEMOS EN REPÚBLICA DOMINICANA?

No 2017 a Fundación Balms para la Infancia, xunto cos nosos socios locais Fundación Solidaridad e CIDEL, puxemos en marcha un novo proxecto de cooperación na República Dominicana, cofinanciado pola Xunta de Galicia. O **“PROXECTO COMUNIDADE EDUCATIVA DO BARRIO SANTA LUCÍA EMPODERADA PARA A SÚA PARTICIPACIÓN ACTIVA NO SISTEMA EDUCATIVO, A TRAVÉS DA XERACIÓN DE CAPACIDADES NOS TITULARES DE DEREITOS, RESPONSABILIDADES E OBRIGACIÓNS, PARA UNHA EDUCACIÓN INCLUSIVA E DE CALIDADE EN SANTIAGO DE LOS CABALLEROS ASOCIADO Ó “PROGRAMA DE MEJORA-MIENTO DEL BARRIO SANTA LUCÍA”, IDI REPÚBLICA DOMINICANA”**, iniciouse o 1 de Setembro do 2017 e finalizarase en Novembro do 2018, tendo como obxectivo contribuír a unha educación inclusiva e de calidade en República Dominicana.



¿QUE FACEMOS EN REPÚBLICA DOMINICANA?

Planease mellorar o acceso e a calidade da educación en República Dominicana, mediante unha estratexia participativa na que interveña toda a comunidade educativa:

- Traballarase co profesorado e co Ministerio de Educación a fin de “**Mellorar a motivación de docentes, maestros e maestras para unha práctica educativa de calidade, inclusiva e innovadora**”.


- Fomentarase a **participación das familias** na educación dos nenos e nenas implicándoas no proceso educativo.

- **Promoverase unha mellora na flexibilidade do sistema educativo:**

1. Formación profesional coa poboación xoven, especialmente coas mulleres.

2. Ludoteca infantil como alternativa de cuidado e ensinanza para os nenos e nenas ata os 6 anos.

3. Escola de Arte e Tempo Libre na cal se levarán a cabo cursos e actividades extraescolares que fomenten as habilidades sociais, culturais e educativas do Barrio Santa Lucía a través da arte.



¡AGARDÁMOSVOS!

Se estades interesados, e queredes participar nesta aventura educativa, podedes escribirnos a fundacion@fundacionbalms.org, ou chamar ó Tlef. 986 443 143.

Estamos en Reconquista, Entlo. 9. Vigo. 36201.



cooperación **galega**



**XUNTA
DE GALICIA**



**FUNDACIÓN BALMS
PARA LA INFANCIA**



**Centro Integral
PARA EL Desarrollo Local**
UNIÓN IBEROAMERICANA DE MUNICIPALISTAS